ACTIVIDADE 1

a) As expresións "é natural" e "non é natural" úsanse para referirse e cualificar comportamentos humanos. Como se chama a posición ou actitude desde a que tendemos a identificar como naturais todos os comportamentos da nosa cultura e comportamentos raros e incomprensibles os de outras culturas?

b) Así como consideramos "naturais" os comportamentos adquiridos no seo do nosa cultura, tendemos a cualificar como antinaturais aqueles comportamentos que a nosa cultura sanciona e prohibe, sen embargo ningunha cultura prohibe o que a nosa natureza non nos permite facer. Le as frases que aparecen a continuación e distingue entre aquelas que "non podemos facer" porque nolo impide a nosa natureza e aquelas que "non podemos facer" debido a imposicións culturais. Cales supoñen un verdadeiro límite para a liberdade humana?

1. Non podo camiñar a 50 quilómetros por hora.
2. Non podo circular pola autoestrada a máis de quilómetros por hora.
3. Non podo parir porque son varón
4. Non podo ter un fillo porque non estou casada
5. Non podo comer as centolas coa súa cuncha
6. Non podo permanecer cinco horas sen pestanexar
7. Non podo ter relacións sexuais co meu curmán
8. Non podo ensinar o cabelo porque son muller
9. Non podo pasar máis de seis horas sen comer
10. Non podo comer carne porque é cuaresma.
11. Non podo poñer tacóns porque son varón.

ACTIVIDADE 2

Le o seguinte texto e responde as preguntas que aparecen a continuación.

«Por natureza, conxenitamente, sabemos facer as cousas máis difíciles e imprescindibles para a nosa supervivencia: sabemos respirar e bombear sangue ó ritmo apropiado para o noso organismo, sabemos manter no noso sangue un nivel relativamente constante de temperatura, de presión, de concentración de azucres e de ións de hidróxeno, etc., e sabemos facer todo iso incluso mentres dormimos [...].
Por cultura, mediante aprendizaxe, sabemos andar en bicicleta, sumar números enteiros, ler, cultivar tomates, fritir ovos e coller o cuberto como é debido. A cultura ven ás veces en socorro da natureza. Cando os nosos ollos xa non saben enfocar debidamente, cando o programa xenético que herdamos xa non abonda para enfocar o que miramos, a cultura proporciónanos lentes graduadas coas que

remediar ese fallo da nosa natureza [...]. Outras veces a cultura é irrelevante e incluso contraproducente para a nosa natureza. Non esquezamos que por cultura poñémonos cilicios, fumamos, alcolizámonos, contaminamos o aire que respiramos, torturamos, facemos a guerra e morremos pola patria.
O individuo, interactuando co contorno, pode adquirir algunha información por si mesmo, por aprendizaxe individual. Pero a maior parte da información da que dispón hérdaa dos demais. A información herdada da que dispón un organismo vivo pódelle chegar por dúas cantes: pola cante xenética ou pola canle da aprendizaxe social.»

Jesús MOSTERÍN: *Filosofía de la cultura.* Alianza, Madrid, 1993.

1. Recolle en dúas listas os exemplos do texto distinguindo as cousas que nos capacita para facer a nosa natureza e que cousas aprendemos da nosa cultura?
2. É posible un ser humano sen cultura? Xustifica a túa resposta
3. Como se chama o proceso mediante o cal aprendemos unha cultura?

ACTIVIDADE 3:

Le o seguinte texto e responde as preguntas que aparecen a continuación.

"Virtualmente todas as culturas foron etnocéntricas nun grao maior ou menor e é facil percibir como se amalgama o etnocentrismo co pensamento estereotípico. Os "forasteiros" son conceptuados como estraños, bárbaros ou como inferiores moral ou mentalmente. Así é como a mayoría das civilizacións percibiron aos membros das culturas máis pequenas, por exemplo, e iso contribuiu a alimentar as innumerables liortas étnicas ao longo da historia" (A. Gidens, *Sociología)*

1. Pódese desprender do texto que o etnocentrismo é unha actitude espontánea que se atopa en todas as culturas coñecidas? Sinala a idea do texto que xustifica a túa resposta.
2. En que consiste o etnocentrismo?
3. Cales son as consecuencias, segundo A. Giddens, dunha atitude etnocéntrica? Que outras atitudes son posibles ante a diversidade cultural? Indica en que consisten.

ACTIVIDADE 4

Le o seguinte texto e responde as preguntas que aparecen a continuación.

"O ser humano non é soamente unha realidade biolóxica, natural (como os pexegos ou os leopardos), senón tamén unha realidade cultural. Non hai humanidade sen aprendizaxe cultural e para empezar sen base de toda cultura (e fundamento por tanto da nosa humanidade): a linguaxe. O mundo no que vivimos os humanos é un mundo lingüístico, unha realidade de símbolos e leis sen a cal non só seríamos incapaces de

comunicarnos entre nós senón tamén de captar a significación do que nos rodea. Pero ninguén pode aprender a falar por si só (…) porque a linguaxe non é unha función natural e biolóxica do ser humano (aínda que teña a súa base na nosa condición biolóxica, está claro) senón unha creación cultural que herdamos e aprendemos doutros seres humanos"

F. Savater; *Ética para Amador*

1. Define cultura e explica como os individuos adquiren pautas culturais.
2. Explica a afirmación "a linguaxe é a base de toda cultura".
3. Explica a diferencia entre a comunicación humana e a comunicación animal.
4. F. Savater afirma no texto que "o mundo humano é un mundo lingüístico". Explica esa frase relacionándoa co que sabes da hipótese Sapir-Whorf e das achegas de Ernest Cassirer a definición do ser humano como "animal simbólico".